

INFILTRACIÓNS

Diálogos coa colección do Museo de Pontevedra

Mónica Alonso. *A pel do Museo*

DO 10 DE MAIO AO 15 DE SETEMBRO DE 2024

Edificio Castelao, Museo de Pontevedra



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

Infiltracións. Diálogos coa colección do Museo de Pontevedra

Mónica Alonso. A pel do Museo

Do 10 de maio ao 15 de
setembro de 2024

Museo de Pontevedra,
Edificio Castelao

Comisario:
Iñaki Martínez Antelo

Co proxecto *A pel do Museo* da artista Mónica Alonso (A Fonsagrada, Lugo, 1970), inaugúrase o ciclo de exposicións **Infiltracións**. Cada ano convidaranse dous artistas para presentar as súas obras en diálogo coa colección permanente do Museo de Pontevedra, como un xeito de fomentar a construción colectiva de aprendizaxes e achegarse a distintos públicos. Cada artista creará obras específicas coas que se irán incorporando progresivamente os discursos contemporáneos ao museo, sempre en relación con obras da colección para ofrecer novas lecturas sobre os fondos.

Mónica Alonso leva décadas traballando nas cores, investigando as súas capacidades terapéuticas ou curativas e tamén a súa influencia nos nosos estados de ánimo. Co proxecto *A pel do Museo* (a coleccionista de cores da pel), trata de catalogar unha selección de peles de personaxes que se representan en obras do museo, extraendo deses cadros ou esculturas as cores da pel, revelándoas ante o espectador. Para obter esas cores, a coleccionista recorre a un copista para que dea coa fórmula de cada unha. O copista é un especialista en formulación de cores, que, mediante a observación, obtén a súa composición exacta. A coleccionista ten un caderno coas fórmulas, as cales comparte con quen as contempla; así, quen teña o caderno pode repetilas sempre que queira.

En palabras da propia artista, "é a ficción dunha muller fascinada coas cores da pel. Consciente do difícil que é conseguir as cores da pel viva, decide obtelas nas obras de arte. Pensa que as artistas xa conseguiron as cores. Sabe que o creador prestou toda a súa atención para representar a pel das súas personaxes e as emocións que transmiten. É unha acción excepcional e quere obter a fórmula

do marabilloso. Con este fin, contrata un copista, que debe conseguir a fórmula das cores da pel de distintas obras artísticas. O copista, cal alquimista, mediante a observación, destilará cada unha das pingas de cor que contén a fórmula da cor da pel elixida. O espectador pode ver peles de cor branca, negra, azteca, de muller, home, nena, anxo, meiga, alabastro, granito, madeira, xeso...”.

O percorrido polas quince obras expostas actualmente no Museo de Pontevedra e seleccionadas pola artista lévanos a través das tres plantas do Edificio Castelao para atoparnos co resultado da investigación, na que se revelan as calidades das cores e matices descoñecidos. A escolma abrangue distintas tipoloxías de pel e de materiais utilizados en cadros e esculturas, que van desde pezas barrocas ata unha escultura de Leiro, pasando por obras de Maruja Mallo, Sotomayor, Souto ou Castelao, entre outros. Con esta selección, a artista xa está a facer unha lectura persoal da colección do museo, que obras e artistas están expostos, que xéneros aparecen máis nas salas, como chegaron esas obras ao museo, como foron representadas as razas nas distintas épocas e moitas outras cuestións que se abordan neste proxecto e que continuarán cos seguintes artistas que participen no ciclo Infiltracións.

AS OBRAS ESCOLLIDAS

A intervención de Mónica Alonso céntrase en quince obras expostas no Edificio Castelao:

Primeira planta

1. Anónimo galego, *Parella de anxos*, s. XVIII
2. Anónimo, *Dolorosa*, segundo terzo do s. XVIII
3. Carmen Babiano, *As pitas*, 1880

Segunda planta

4. F. Álvarez de Sotomayor, *De volta*, ca. 1955
5. Francisco Asorey, *Naiciña*, 1922
6. Castelao, *Negríño en Nova York*, 1939



Terceira planta

7. Narciso Pérez Rey, *Guerreiro celta*, 1928
8. X. Eiroa, *Cabeza de muller*, 1933
9. Arturo Souto, *Descanso*, ca. 1954
10. Manuel Torres, *Regateiras*, 1960
11. Uxío Souto, *Galicia, nai e señora*, 1926
12. Julia Minguillón, *O baño*, 1945
13. Maruja Mallo, *Cabeza de muller negra*, 1946
14. Tino Grandío, *Meiga*, 1971
15. Francisco Leiro, *Sireno*, ca. 1986-1987



A PEL DO MUSEO

A coleccionista de cores da pel


As cores da pel foron sempre de interese para o ser humano, o cal se observou con atención para poder representarse. Cada representación da pel ten unha historia propia desde a prehistoria ata a actualidade.

A coleccionista de cores da pel trata da obsesión por estas cores procurando calidades psicolóxicas. A coleccionista é consciente do difícil que é conseguir as cores da pel viva e decide obtelas nas obras de arte. Pensa que as e os artistas xa conseguiron as cores. Sabe que o creador prestou toda a súa atención para representar a pel das e dos personaxes e as emocións que transmiten. É unha acción excepcional e quere obter a fórmula do marabilloso.

Para obter esas cores, a coleccionista recorre a un copista para que dea coa fórmula de cada unha. O copista é un especialista en formulación de cores, que, mediante a observación, obterá a composición de cada unha delas para dar coa fórmula exacta das cores elixidas. O espectador pode ver esas mostras. A coleccionista ten un caderno coas fórmulas; así, quen teña o caderno pode repetilas sempre que queira.

Podería ser que a artista fose a coleccionista, pero non é así. A artista crea a historia dunha coleccionista. Isto é moi importante porque ela nomea unha coleccionista da que non temos imaxe e que o espectador debe imaxinar. A coleccionista contrata o copista, que tampouco ten imaxe. Temos a narración dunha historia que se lle conta ao espectador, quen levará no seu propio maxín as e os personaxes.

A colección do Museo de Pontevedra ten un material excepcional: pinturas, esculturas, debuxos... en diferentes técnicas e materiais que permiten obter tons de muller, home, nena, neno anxo, meiga, branca, negra, azteca, alabastro, granito, madeira, xeso...



Nesta colección a cor de pel máis presente é a branca, máis tamén hai pel negra en dúas obras moi destacadas: *Cabeza de muller negra*, de Maruja Mallo, e *Negriño en Nova York*, de Castelao.

Dúas calidades emocionais distintas: a de Maruja Mallo, unha pel vital, intuímos que feliz, e a de Castelao, a dun rapaz que manifesta a tristeza, a soidade e o desarraigamento. Maruja Mallo pinta este cadro na Arxentina, mentres que Castelao debuxa o negriño en Nova York. O autor dicía: "Eu atópome en New York como nunha gaiola de ferro. Non vexo maneira de vivir. Busco e non atopo". Así, non é desatinado dicir que o desarraigamento do negriño é o seu mesmo.

Hai tamén pel de muller azteca no cadro *Descanso*, que Arturo Souto pintou en México en 1954.

Mónica Alonso

MÓNICA ALONSO

Estudou Belas Artes na Universidade de Salamanca na especialidade de Escultura. Doutorouse na Universidade de Vigo coa tese titulada *O espazo doméstico na escultura contemporánea. 1985-1995*. En 1996 foi seleccionada na XII Muestra de Arte Joven do Instituto de la Juventud de Madrid, que tiña como premio unha viaxe polos principais centros artísticos de Alemaña e Holanda.

Iniciou a súa traxectoria artística en 1997 cunha exposición na prestixiosa Sala Montcada da Fundación La Caixa de Barcelona. En 1999 concédeuselle unha bolsa de Fenosa, que a levou ao Acconci Studio de Nova York. De 2001a 2003 gozou dunha bolsa de Endesa para as artes plásticas e en 2004 recibiu outra da fundación Yaddo de Nova York.

En 2002 o Centro Galego de Arte Contemporánea dedicoulle a exposición *MITGA 1932-2020. Módulo Individual de Terapia Galicia*, na que a autora manifesta con claridade a súa relación con Galicia e coa súa cultura.

En 2003 realizou a exposición *SEMA* no Museo Provincial de Lugo e *Clínica de Percepción* no Centro Torrente Ballester de Ferrol. Ambas foron grandes intervencións espaciais que marcaron o devir do seu traballo. Ao ano seguinte expuxo no Museo de Arte Contemporánea de Valdivia, en Chile. En 2005 residiu en Roma cunha bolsa da Academia de España nesta mesa cidade, onde desenvolveu un proxecto centrado na obra de Federico Fellini.

En 2008 recibiu a bolsa da CAM de arte contemporánea co proxecto *Do frío ao calor, do calor ao frío, pasando polo temperado*, co que viaxou a lugares coma Oslo, San Paulo, Patagonia, Nord Kapp e o Sahara.



Grazas á súa multidisciplinariade realizou varios proxectos de colaboración ao longo dos anos. Do seu interese pola arquitectura e pola psicoloxía xurdiu a súa creación da disciplina do psicoespazo e as súas teorías e levouna a deseñar terapias espaciais, coma a que aplicou no Hospital Clínico Universitario de Santiago, na área de Pediatría, entre 2008 e 2010.

En 2012 iniciou un dos seus proxectos máis ambiciosos: *Percepción espacial e cromática do ser humano en diferentes culturas*, co que fixo aplicacións na cultura árabe, mexicana e galega. Logo estendeu a investigación a diferentes grupos sociais: mulleres árabes, xitanas e galegas, e grupos como vítimas de violencia e pacientes de cancro xinecolóxico.

Realizou residencias artísticas en Río de Xaneiro, O Cairo e México. En 2015 recibiu a bolsa de excelencia do Goberno mexicano, da que xurdiu o proxecto *A maxia do colibrí. 6 casos desesperados*, que expuxo no Museo de Arte Contemporánea de Vigo en 2020.

En 2022 foi nomeada académica de número da Academia Galega de Belas Artes.

